

ARTE ROMÁNICA

O concepto “románico” aparece no s.XVIII cun contido filolóxico. A Historia da Arte aproveitou esta nomenclatura e definíu co mesmo termo ao período artístico que abrangue os séculos XI-XII “pola súa relación coa arte da antiga Roma” (o que non quere dicir que na formación do novo estilo a aportación romana sexa a única, pois tamén advertimos influencias prerrománicas e tamén bizantinas e orientais, que se reciben a través de España –musulmáns- e polo contacto das cruzados coas culturas do Mediterráneo Oriental).

Non foi produto dunha soa nacionalidade ou rexión, senón que xurdiu de xeito paulatino e case simultáneo en España, Francia, Italia, Alemania, e en cada un deses países xurdiu con características propias, aínda que con suficiente unidade como para ser considerado o primeiro estilo internacional, cun ámbito europeo. Os impulsores serán os beneditinos, no “Mosteiro de Cluny”, e a partir de aí a Igrexa encargárase da súa expansión . O Camiño de Santiago contribuirá de forma excepcional.

A súa cronoloxía oscilará, segundo os países, establecéndose unha serie de etapas consensuadas:

- Con posterioridade á arte prerrománica, se suceden:
- Primeiramente un **período de formación** que denominamos PRIMEIRO ROMÁNICO (s. X-XI)
 - Despois unha **etapa de plenitude** ou ROMÁNICO PLENO (s.XI-XII)
 - Finalmente o período denominado TARDORROMÁNICO (s.XII-XIII)

PRIMEIRO ESTILO INTERNACIONAL DA IDADE MEDIA

O debilitamento das invasións fixo que os "europeos" recobrasen a seguridade neles mesmos, acordándose da antiga unidade romana. Sen embargo, o vínculo do período románico non será o *Estado* nin a *Cidadanía* senón o *Cristianismo*.

Esta arte proclamaba o triunfo definitivo da Igrexa, convertida en vínculo básico entre os recentemente creados estados cristiáns e impulsora dunha unidade supranacional.

Podemos falar dun "Imperio Espiritual Románico" por encima das diferenzas xeográficas e a fragmentación política. *O carácter unitario do Románico* foi un fenómeno complexo, *íntimamente ligado á espiritualidade*.

LAZOS DE UNIÓN

- * O marco feudal
- * As ordes relixiosas , especialmente "cluniacenses" e "cistercienses"
- * As peregrinacións
- * As Cruzadas



CONTEXTO HISTÓRICO - ARTÍSTICO

Tradicionalmente fálase do século XI como o do inicio pleno da arte románica, e en concreto dase unha relevancia especial ao ano 1000. A súa superación positiva (despois dos temores promovidos polas ameazas de invasión e o medo ao fin do mundo) amosará unha sociedade en expansión, saída definitivamente dos mal chamados “séculos escuros”. Neste contexto de estabilidade política, social e económica nos pobos da Europa Occidental cristiá concorren unha serie de circunsancias que influirán na arte románica facendo posible a unidade de criterios artísticos:

A ESTRUCTURA FEUDAL, que alcanza a súa plena manifestación nos séculos XI e XII. A nova organización establecerá novas formas de relación máis personalizadas que dotarán de seguridade e estabilidade a amplas áreas a partir de ríxidas estruturas xerarquizadas. Esta terá o seu reflexo na arte a partir da propia organización feudal eclesiástica, que copia cerimoniais e comportamentos vasalláticos, froito do entrecruzamiento entre o poder civil e o relixioso, e sobre todo ao reflectir as inmutables relacións de dependencia entre todas as partes dun todo.

O feudalismo supón en toda Europa a preeminencia da nobreza e o clero, cuxo poder político e económico os convirte en mecenas artísticos, dunha sensibilidade análoga en todo o continente. Arquitectura, escultura e pintura están ao servizo das clases dominantes, para representar un modo de vida, a xustificación da sociedade estamental e para acercar á masa analfabeta a doutrina da Igrexa mediante as imaxes e a simboloxía (“arte didáctica”)



Impulsores do entusiasmo relixioso

A Reforma Gregoriana e a EXPANSIÓN MONÁSTICA. O Pontífice ao fortalecer o seu poder, impulsou a unificación do rito litúrxico, que vai influír decisivamente na concepción do templo románico como espazo de reunión e de culto. Nesta tarefa o Papa contou coa colaboración da orde de Cluny, partidaria dunha maior dedicación dos monxes aos oficios litúrxicos e o culto divino en detrimento do traballo manual e **intelectual**. **As ordes relixiosas protexidas por papas e reis** chegarán a posuír un gran poder: as ordes de Cluny e Cister fundarán multitude de mosteiros por toda Europa establecendo, e con iso unificando, un novo ritual cerimonial. Tamén no artístico, “unidade formal”, impondo nas súas numerosas casas monásticas a mesma estética e as mesmas solucións técnicas.



MENTALIDADE DA ÉPOCA INUNDADA POLA RELIXIOSIDADE . Nestes tempos un profundo sentimento espiritual enraizou na sociedade. Foron anos marcados por unha clara conciencia do pecado e polo temor á condenación eterna. O sentimento de culpa e a crenza no perdón calaron fondo nos contemporáneos, “a imaxe que tiñan de Deus era comparable á dun señor feudal, del esperaban protección contra os perigos do mundo e que lles reservara un lugar no Paraíso como premio da súa fidelidade; no seu paso pola vida habían someterse ás normas do Señor todopoderoso que lles pediría contas no final dos seus días”

Esta concepción da espiritualidade conducíu a tres manifestacións diferentes que repercutiron profundamente no campo da arte. Por un lado, manifestouse un gran auxe da vida monástica, vía segura para a salvación. Por outro, cantos non podían ou non tiñan ao seu alcance a vida monástica buscaron outras vías para redimir as súas culpas: a penitencia a través das peregrinacións e das cruzadas.

As **PEREGRINACIÓNS**. Será precisamente Cluny a gran impulsora desta corrente pietista que se estende por Europa e que ten como obxectivo o culto ás reliquias a través dun camiño previo de expiación de culpas/ salvación eterna e perfección espiritual, (que por suposto a arte haberá de acompañar para axudar ao seu repouso carnal e contemplación espiritual). De todos os puntos do Occidente cristián van xurdir camiños cara os tres lugares santos máis importantes que atravesan os diferentes estados e convertense en rutas protexidas polos reis. Os centros de peregrinación da cristiandade medieval naceron arredor dos sepulcros: Xerusalén coa súa tumba valeira; Roma, coas sepulturas de Pedro e Pablo e o inxente osario dos seus primeiros mártires. O caso de Compostela é aínda mais destacado: alí non había nada máis que un sinxelo sarcófago de mármore nunha necrópole esquecida, "descubriuse" a tumba dun Apóstolo a comezos do século IX, cando a cristiandade hispánica se atopaba baixo a ameaza do Islam. Cando non existían tumbas, usábanse as reliquias, que tamén espertaban un gran entusiasmo. Estas **vías de peregrinación**, ao mesmo tempo que favorecían as actividades comerciais e culturais, difundían e divulgaban experiencias construtivas, receitas de oficio, temas de inspiración e facilitaban a mobilidade de talleres e artistas, xogando un papel esencial na difusión do románico e no progreso das actividades creativas.

É así mesmo a época das **CRUZADAS**, é dicir das expedicións (ata catro organizáronse) a Terra Santa, coa pretensión de liberar dos musulmáns e posteriormente dos turcos, aqueles lugares que se consideraban patrimonio. Sería un erro considerar as Cruzadas como un asunto case exclusivo do Alto Clero e da Aristocracia guerreira, xa que puxeron tamén en movemento masas considerables de persoas, en busca de penitencia. Para estas masas a reconquista da Xerusalén terreal polo pobo cristián debería abrir sen demora as portas da Xerusalén celestial





CLIENTES DA ARTE

“románico monástico feudal”



- * Arte da Idade Media e do Feudalismo: Sociedade rural, inculta e teocrática
- * Irracionalidade, oscurantismo e misterio
- * Arte da fe: Teoloxía fronte a pensamento libre; luz da fe fronte a luz da razón
- * Exaltación relixiosa fronte ao placer estético. Predominio do iconográfico
- * Non é unha arte comprensiva para las masas: iconografía, técnicas, etc. todo está en mans dos monxes
- * Escultura e pintura pedagóxicas. Ensinan por esceas bíblicas e polo medo

CONSIDERACIÓN DO ARTISTA

O concepto de artista como tal non existe no contexto medieval, aínda que en moitas ocasións as obras aparecen firmadas e se deixa constancia da calidade do traballo, individualismo que caracterizará aos artistas a partir do século XIV.

As fontes que falan das construcións románicas adoitan estar escritas por cregos, e nelas fálase do labor dos promotores e a penas hai datos dos autores das obras (as escasas noticias que temos dos artistas son indirectas). Os artífices das obras son artesáns organizados en cuadrillas itinerantes dirixidas por un mestre canteiro ou arquitecto. Non existe unha separación clara entre o labor do arquitecto e do escultor, aínda que hai niveis de especialización. Os teólogos son os responsables dos programas iconográficos e os artistas tratan de adaptar a súa técnica para facelos accesibles..


A expansión arquitectónica

A principios do S. X se funda o Mosteiro de Cluny, e a súa regra termina impoñéndose a máis dun millar de abadías diseminadas por todo Occidente, que considera dependencias súas. No S. XI, os monxes negros de Cluny favorecen o culto ás reliquias e crean a igrexa de peregrinación. *Monxes arquitectos* que expanden o Románico xunto á súa reforma

A fe nas reliquias ia promover un gran fenómeno social: a peregrinación. Ao longo dos camiños cara Xerusalén, Roma e moi especialmente Santiago de Compostela se constrúen edificios para o culto vinculados por unha serie de trazos comúns.


Cluny Borgoña, século X. Primeira gran casa reformadora dos beneditinos. Constituiu todo un imperio monástico centralizado e os seus abades chegaron a ter un poder superior ao dos propios reis

MODELO CLUNIACIENSE: os seus edificios están na orixe e perfeccionamento de moitas das características do estilo románico: portada historiada, fachadas torreadas e complexas cabeceiras dos templos.



REGRA BENEDICTINA: meticulosa organización da actividade monacal, debida a Benito de Nursia (aprox.480- 553) que se soe resumir na fórmula “*ora et labora*”). Vai ter a meirande difusión e arraigo na vida monástica de todo o medievo.

Aínda que non fai ningunha referencia ao mosteiro como edificio, a organización da actividade monacal acabará condicionando unhas exixencias arquitectónicas trazadas segundo un esquema bastante uniforme. Esta **arquitectura específica**, tanto nas obras dos beneditinos como de cistercienses, terá unha influencia decisiva na evolución arquitectónica dos séculos medievais.




A arquitectura do camiño de Santiago

De tódolos camiños de peregrinación, o de Santiago é o máis famoso e tamén o máis transitado durante os séculos XI e XII. A súa orixe entronca co suposto descubrimento da tumba do apóstolo en tempos do rei Alfonso II de Asturias, que saberá utilizar habilmente o achado para afianzar o novo reino.

A orde francesa de Cluny foi a principal promotora das peregrinacións a Santiago e a que organizou en gran parte o camiño que conduce á cidade do Apóstolo.

Os peregrinos que viñan
atravesando Francia facíano a
través de catro rutas que ían
percorrendo lugares onde se
gardaban importantes reliquias.
Algunhas desas igrexas poden
servir de exemplo do emprego e
difusión de fórmulas constructivas.

A Catedral de Santiago é a culminación dos ensaios repetidos varios veces en Francia e resoltos agora case ao mesmo tempo, en *S. Saturnino de Toulouse* e Santiago, aos que se engaden *Santa Fé de Conques* e as desaparecidas San Martin de Tours e San Martial de Limoges.



Ao longo dese camiño levantáronse na Península catro edificios que se converteron nos focos difusores do románico peninsular. Son a **Catedral de Jaca** (arredor do ano 1054); **San Martín de Frómista**, en Palencia (cara a 1066); **San Isidoro de León** (entre 1063 e 1100) e a **Catedral de Santiago de Compostela** (comezada no ano 1075).

A través deles apréciase como o estilo imposto en Jaca se foi consolidando volvéndose máis seguro e airoso ata culminar na obra de Compostela. Esta evolución é unha boa proba da existencia de obradoiros itinerantes, tanto de canteiros especializados como de escultores.

ARQUITECTURA

ELEMENTOS FORMAIS e SOLUCIÓNs CONSTRUTIVAS

O Románico erixiu castelos e mosteiros pero a súa **principal creación foi o novo edificio da igrexa**, que subordinaba toda creación artística –arquitectura, escultura, pintura- ó servizo da gloria de Deus e ó mantemento do feudalismo.

Como tal arquitectura relixiosa se define por dous principios básicos que van a determinar o seu estilo: a **monumentalidade** e a **perdurabilidade**, que obrigan a un tipo de arquitectura sólida e duradeira. A igrexa románica é o símbolo, en pedras terrenais, do templo de gloria construído na Xerusalén celestial.

AS IGREXAS DE PEREGRINACIÓN

NECESIDADE FUNCIONAL: Debían congrega multitudes e permitir o tránsito contínuo de peregrinos que non interferira a celebración do oficio. Búscase un espazo arquitectónico amplo

NECESIDADE SIMBÓLICA: A desmesura das dimensións era un dos elementos fundamentais da beleza na época románica; esa grandeza provocaba o estremecemento ante o sublime, é dicir, a emoción relixiosa.

Estas necesidades se traduciron en plantexamentos e problemas construtivos que se van resolvendo en cada caso concreto, experimentando distintas solucións. Os acertos constructivos son diversos e repítense noutros edificios as fórmulas que mellor funcionan.

No final do século XI e durante o XII chégase ao románico pleno, momento no que se consolidan os sistemas constructivos e se percibe unha afinidade nos edificios relixiosos occidentais. Esta semellanza é froito do traslado de pautas constructivas que se seguen na fundación de novos mosteiros, tamén polo carácter itinerante das cuadrillas de traballadores, e mesmo pola imitación das formas das grandes fábricas por parte das igrexas máis pequenas. Aínda así, os préstamos e referencias arquitectónicas doutras culturas, sobre todo nas zonas de fronteira, como no caso do norte da Península Ibérica, confírenlle aos edificios características específicas.



PLANTAS

Progresivamente o modelo de planta basilical irá agrandando o cruceiro ata configurar a **simbólica de cruz latina**. Multiplicación de naves e de ábsidas.

Cuerpo de
Cristo
crucificado


Planta de tres ou cinco naves, cun **transepto** de estrutura similar ao corpo lonxitudinal, cuxos brazos terminan en fachadas con **portadas monumentais**.

A **cabeceira** se organiza a partir dun **deambulatorio** ou xirola con capelas radiais



Os **brazos do transepto** levan **absidiolas** dedicadas a cultos particulares.


Baixo o presbiterio, acostuma situarse a **cripta**, un espacio circular, abovedado, que permite entrar por un lado e saír por outro (acollía os sepulcros ou as reliquias)



ELEMENTOS SUSTENTANTES

Arcos faxóns


Arcos formeiros



Piar composto ou cruciforme

EVOLUCIÓN DEL PILAR CRUCIFORME EN EL ROMÁNICO

"Piar Composto"





Sección cadrada,
Rectangular
Ou cruciforme

Columnas
adosadas

Piars.
Santiago de Compostela




Columnas e Piars
Catedral de Jaca

ARCO DE MEDIO PUNTO (e dobrado)




San Martín de Fromista


SISTEMAS DE CUBERTA




BÓVEDAS



De medio canón
con estribos ou contrafortes exteriores




De medio canón
reforzado por arcos faixóns ou perpiaños



De arista

De arista
cos tramos de arista
separados por faixóns



Bóveda de arista y cimbra.




Foto: José Antonio Gil Martínez cedida a arteguias.com


San Isidoro de León

O desenvolvimento das bóvedas de pedra é um dos grandes logros do rómânico


Bóveda de canón



Bóveda de $\frac{1}{4}$ de canón
(na tribuna)





Bóveda de $\frac{1}{4}$
de esfera
(na ábsida)



San Martin de Fromista

CÚPULAS

San Martin de Fromista





O espacio interior –tanto na nave central como no transepto- arículase a partir de tramos, espazos definidos, xeralmente, por unha unidade de bóveda.

Santiago
Cimborrio



Se xeneraliza a **tribuna** : contribúe a completar o sistema de soportes á vez que facilita o uso polivalente do recinto




SISTEMA DE CONTRARRESTO

GROSOS MUROS DE CANTARÍA reforzados por GROSOS CONTRAFORTES

O muro, auténtico soporte tectónico, evitando a abertura de grandes fiestras. Isto implica unha característica propia da arquitectura románica, o **predominio do macizo sobre o van**

Pesadez, **predominio do horizontal** sobre o vertical (a medida que el románico avanza se vai perdiendo en beneficio da verticalidade).



Os seus muros macizos e contrafortes lembran a unha fortaleza

O **interior** dos edificios é escuro, queda nunha especie de penumbra e unha atmosfera de misterio que vén dada non só por esixencias técnicas senón tamén pola busca da sensación de recollemento



San Clemente de Tahull

Ventás abucinadas



EXTERIORES

Transparentan o interior do edificio de forma clara. Pola ordenación en altura, ao observar o edificio dende o exterior pódese distinguir a súa **disposición interna**.





Tamén a **torre** é un elemento consubstancial ó estilo románico. Adoitan situarse flanqueando a fachada da portada principal (fachada oeste “símbolo da porta da Xerusalén celeste”) máis tamén no centro do cruceiro.

Santo Domingo de Soria



San Martin de Fromista



As **fachadas**, tanto nos pés das naves coma nos extremos dos brazos do cruceiro concentran os **principais programas ornamentais do edificio**. Para salvar o grosor do muro, a portada se dispón mediante o abucinamento progresivo dos diversos arcos de medio punto (arquivoltas).

O **predominio do macizo sobre o van** obriga á necesaria animación das paredes externas con elementos como *pilastras, molduras, arquiños cegos, canzorros, axadrezado*, etc

ELEMENTOS DECORATIVOS


CAPITEIS




San Isidoro de León



"historiados"
Capitel San Juan de la
Peña, Huesca.
(Sueño de San José)




MOLDURAS



1 Archiños cegos



5 Entrelazos




8 Billetes




2 Dentes de serra




6 Baquetóns en zigzag




9 Besantes




3 Almeniñas




Axadrezados



7 Puntas de diamante




10 Cravos



Axadrezado

A



Tacos, billetes ou Rolos

B



Puntas de Serra

C



Baquetón en zigzag

D



Besantes

E



Cravos

F

Molduras exteriores



Ermita de san Frutos
Segovia



Catedral de Jaca



San Martin de Fromista

Canecillos



Catedral de Jaca




San Clemente de Tahull,
Lérida


*Arquiños
cegos*

*Bandas
lombardas*

BERCEDO (Burgos)
Iglesia de San Miguel Arcángel



PUNTAS DE SERRA



PORTADA ABUCINADA CON OU SEN TÍMPANO



Iglesia de Santiago de
Puente la Reina



Iglesia de Notre-Dame des Miracles